



Colexio A Pedra

A comunidade educativa do Colexio A Pedra e, especialmente o seu claustro de profesor@s, desexa expresar o seu agradecemento á Asociación Socio-cultural de Meiro por permitirnos participar nas actividades do ciclo do Millo Corvo: sementeira, cortado, empalleirado, debullada, moenda no muiño e elaboración de pan.

Dende hai anos o noso alumnado participa de forma activa nas devanditas actividades, o que os achega a unha forma de vida tradicional case descoñecida para eles xa que, a maioría, son “urbanos” ou miran case que exclusivamente cara o mar.

A participación do noso alumnado non se cingue só ao día da saída, senón que, previamente, traballamos na aula o que imos fazer en Meiro e o seu significado e, posteriormente, realizamos actividades e traballos sobre o realizado. Unha mostra destes traballos son os murais que realizaron este curso os alumn@s do 1º ciclo de E. Primaria, e dos que vos adxuntamos unhas fotos.

Desexando que sexan do voso agrado e agardando que sigades contando connosco para vindeiras actividades enviamosvos un agarimoso saudo.

